



Jesus Vázquez Almuíña.
Conselleiro de Sanidade.

A alta valoración que a cidadanía galega lle concede a Sanidade Pública Galega é como consecuencia do bo traballo que realizan o conxunto de profesionais que nela traballan.

Profesionais que, co seu esforzo, minimizan, os recortes que durante estes anos se produciron. Así mesmo soportan a precariedade laboral cos vínculos temporais aos que son sometidos, sen poder ter algo tan esencial como a estabilidade laboral.

Traballar na sanidade implica ter un alto coñecemento da túa profesión, coñecemento que continuamente se actualiza para ofrecer o mellor servizo.

Implica unhas condicións de traballo que dificultan a normalidade na túa vida familiar; traballo a quendas, traballo en domingos e fins de semana, traballo en festas ou días sinalados de festas e reunións familiares.

Implica riscos para túa saúde, cambios continuos dos ritmos biolóxicos.

Implica empatía coas persoas, humanidade, esforzo, comprensión e ilusión para ofrecer esa sanidade pública de calidade que todas/os merecemos.

E sobre todo, implica que nos momentos da enfermidade te sintas protexido.

Fronte todo isto que ofrecen as/os profesionais do SERGAS só agardan que as súas retribucións se correspondan coa súa prestación de servizo, cos seus requisitos de titulación, cunha non discriminación na retribución do complemento específico. Con que o seu traballo en noites, días feriados e gardas se retribúa na media do resto de servizos de saúde. E que a súa carreira profesional, esa avaliación do desempeño e do compromiso sexa recoñecida.

Fronte a isto o que o persoal do SERGAS está a recibir do SERGAS, da súa empresa, é un continuo ataque nas súas retribucións, incrementando a súa discriminación salarial fronte a outros colectivos.

A Consellaría de Sanidade non pode seguir escusándose en que a recuperación salarial do persoal do SERGAS é igual que a do resto de traballadoras/es públicos, isto é falso. Xa que o complemento específico do persoal do SERGAS é inferior nun 50% do que percibe o resto de persoal co mesmo nivel, e con inferior requisito de titulación.

Máis tamén estamos a falar da recuperación do resto de acordos asinados na mesa sectorial do SERGAS, e que retribúen as condicións específicas do traballo desenvolvido polo persoal do SERGAS. Acordos que esta Consellaría segue a incumprir.

Acordo de persoal de PACs. Médicas/os e enfermeiras/os que cobran o 80% do valor da atención continuada. A recuperación deste 20% está pendente desde o ano 2010. O cumprimento deste acordo supón unha cantidade ínfima, e case imperceptible no orzamento do SERGAS.

Acordo 2008/12, de condicións de traballo de todo o persoal. Suspendido desde o ano 2010, e seguimos cunha negativa desta Consellaría a negociar un calendario de recuperación deste acordo. A pesares de que o goberno do PP presume que na Galiza a recuperación económica iniciouse no segundo semestre do ano 2015.

Rúa F. Craveiro, 10
15703 Santiago

Tfno: 981 552826
981 564300
682 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-
saude.info
executiva@cig-saude.info
saudelaboral@cig-saude.info

Web:
www.cig-saude.info



Central de Traballadores de Galicia

Carreira Profesional. Presentaron un acordo na mesa sectorial que recolle a intención de negociar a carreira no ano 2018, acordo con máis incógnitas que certezas.

Se non están dispostos a cumprir os acordos anteriores, que necesitan unha menor dotación orzamentaria, que garantías hai de que no 2019 se retribúa a carreira profesional?

Descoñécese o ámbito de aplicación, todo indica que só afectará ao persoal fixo.


Argumentan que non poden facer fronte aos acordos asinados con outros gobernos porque estes non fixeron reserva de diñeiro para cumprilos. E no acordo que presentan, a Consellaría fai o mesmo, non hai reserva dunha partida orzamentaria no ano 2019 para a carreira, só hai unha referencia a que isto se cumprirá se a dispoñibilidade orzamentaria o permite.

Isto só ten unha lectura, que a contía de carreira por cada grao, de cumprirse no ano 2019, será igual ao valor dun dos actuais trienios.

Polo que, ante esta situación solicitamos que a Consellaría de Sanidade cumpra os acordos asinados entre as organizacións sindicais e a Administración; deixando dun lado a permanente confusión entre a Administración e o partido político que sustenta ao goberno.

Agardamos recuperar a normalidade das relacións laborais e que na maior brevidade posible se convoque a mesa sectorial para negociar o calendario de recuperación.

Compostela, 3 de novembro de 2017.


Asdo: M^a Xosé Abuín Álvarez.
Secretaría Nacional CIG-SAÚDE

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tinos: 981 552626
981 564300
882 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-
saude.info
executiva@cig-saude.info
saudelaboral@cig-saude.info

Web:
www.cig-saude.info